REGULAMENTO XERAL

Art. 1. DATA

O Concello da Coruña e a Federación Galega de Atletismo organizan o próximo 18 de febreiro de 2018 o X Medio Maratón Coruña21, cunha distancia homologada de 21.097´50 metros.

Art. 2. HORARIO

A saída da carreira terá lugar ás 10.00 horas.

A saída da carreira para persoas discapacitadas en cadeira de rodas darase con antelación á absoluta, e o seu horario definitivo será comunicado antes da data da carreira.

Art. 3. CIRCUÍTO

O percorrido está situado no centro urbano da cidade da Coruña. O circuíto está medido e homologado pola Real Federación Española de Atletismo (RFEA).

O circuíto estará completamente pechado ao tráfico e acoutado con valos e outros elementos delimitadores naqueles tramos nos que non exista unha diferenciación natural polo mobiliario urbano. Os únicos vehículos que poderán seguir a proba serán os que designe a organización.

A carreira terá lugar unicamente pola calzada do tráfico rodado, sen utilizar ningunha zona peonil. Está prohibido usar como zona de carreira as beirarrúas, os sebes centrais, as zonas axardinadas etc. Non cumprir esta norma, así como recortar sobre o trazado oficial, poderá supor a descualificación da persoa infractora.

Art. 4. CONTROL TÉCNICO DA CARREIRA

A carreira estará controlada pola Federación Galega de Atletismo a través do seu Comité Galego de Xuíces.

Art. 5. PECHE DE CONTROL DA CARREIRA

O peche da proba realizarase ás 12.30 (2 horas e 30 minutos despois da súa saída). Así mesmo, **establecerase un tempo de 1 hora e 15 minutos para o paso polo 10 km**. Pasado o tempo límite correspondente tanto ao primeiro tramo da carreira como á distancia total, a persoa participante que siga en carreira deberá retirarse do circuíto oficial de competición.

Art. 6. CATEGORÍAS

De acordo coa regulamentación da RFEA (Real Federación Española de Atletismo) realizaranse as seguintes clasificacións para o Medio Maratón Coruña21:

CATEGORIA	ANO DE NACEMENTO
Júnior	1999-2000
Promesa	1996-1997-1998
Sénior	Desde o 1995 e anteriores ata veteranos/as
Veteranos/as 1	De 35 a 39 anos cumpridos no día da proba
Veteranos/as 2	De 40 a 44 anos cumpridos no día da proba
Veteranos/as 3	De 45 a 49 anos cumpridos no día da proba
Veteranos/as 4	De 50 a 54 anos cumpridos no día da proba
Veteranos/as 5	De 55 a 59 anos cumpridos no día da proba
Veteranos/as 6	De 60 a 64 anos cumpridos no día da proba
Veteranos/as 7	De 65 anos cumpridos no día da proba, en diante.
Discapacitados/as	Nados/as en 1996 e anos anteriores

Atletas con discapacidade: para cumprir o que prevé o artigo 16 e 51.6 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, incorpórase a participación de atletas con discapacidade.

Art. 7. INSCRICIÓNS E COTA

a) Inscrición online: A través dá pasarela de pago inserida na páxina online da Federación Galega de Atletismo, www.carreirasgalegas.com. Estará operativa **desde o 10 de novembro de 2017 ata as 00.00 horas do 10 de febreiro de 2018.**

b) Inscrición presencial: Cubrindo a folla de inscrición e pagando a cota que corresponda, no Departamento de Deportes de El Corte Inglés. Informarase informarase da datas.

LOCALIZACION DE CENTROS COMERCIAIS EL CORTE INGLÉS			LOCALIDADE
RAMÓN Y CAJAL	Departamento de Deportes. (7ª andar)	Ramón y Cajal, 57 e 59	A Coruña
MARINEDA CITY	Departamento de Deportes. (2ª andar)	Estrada Baños de Arteixo, s/n. Polígono Industrial da Grela	
COMPOSTELA	Departamento de Deportes.	Rúa do Restollal, 50	Santiago de Compostela (A Coruña)
VIGO	Departamento de Deportes.	Gran Vía, 28	Vigo (Pontevedra)

c) Prazo extraordinario de inscrición: Por razóns organizativas de recursos técnicos e humanos, así como pola calidade do servizo, é aconsellable que as persoas participantes formalicen a súa inscrición dentro dos prazos establecidos. Con todo e para todos aquelas que por causas alleas á organización non poidan formalizar a súa inscrición antes do 10 de febreiro, terán a opción de realizala **do 11 ao 13 de febreiro**, cun incremento na cota de participación de 10 **€**, polo que a cota de participación sería de 25 **€.**

e) Non se aceptarán inscricións fóra dos prazos establecidos.

f) Cota da inscrición:

CARREIRA	DO 10 DE NOVEMBRO DE 2017 AO 10 DE FEBREIRO DE 2018	PRAZO EXTRAORDINARIO: DO 11 DE FEBREIRO AO 13 DE FEBREIRO DE 2018
Media Maratón Coruña 21	**15,00 €**	**25,00 €**

g) Bonificacións: 50 % para persoas maiores de 65 anos, posuidoras do carné xove e desempregadas. Para acreditar estas circunstancias, é suficiente cunha declaración responsable, que se entenderá realizada no momento en que se marque a opción **"solicito bonificación", no formulario de inscrición en liña ou na folla de inscrición presencial**; e enviarlle os documentos que se detallan a continuación á Federación Galega de Atletismo mediante un correo electrónico no seguinte enderezo: ***info@carreirasgalegas.com***

- ***Persoas maiores de 65 anos:*** *fotocopia do DNI.*
- ***Persoas con carné xove:*** *fotocopia do DNI e do carné xove.*
- ***Persoas desempregadas:*** *fotocopia do DNI e informe de períodos de altas e baixas, expedido polo Servizo Público de Emprego (INEM) antes do día da inscrición na carreira ou fotocopia da tarxeta de desemprego.*

O prazo para enviar os documentos por correo electrónico finaliza ás 00.00 horas do 10 de febreiro do 2017.

Art. 8. DEVOLUCIÓN PARCIAL DA COTA

Só se devolverá parcialmente a inscrición en caso de lesión ou enfermidade se se lle presenta ou envía un informe médico á Federación Galega de Atletismo (Praza Agustín Díaz, n.º 1 - Edificio Federacións. 15008 A Coruña)..

O importe da devolución virá determinado pola data en que se presente o certificado médico:

- O 75% da cota se se presenta unha semana antes da proba.
- O 50% se se presenta despois desa data.

Caso de non presentar o citado informe, non se realizará ningún reembolso.

Para outros supostos xustificados, a organización valorará se procede a devolución parcial da cota.

Art. 9. ENTREGA DE DORSAIS E CHIPS

Realizarase o venres 16 e o sábado 17 de febreiro. Informarase ás persoas corredoras inscritas do lugar e do horario da entrega.

Art. 10. UTILIZACIÓN DE DORSAIS E CHIPS

Os dorsais son persoais e intransferibles. Deberán ir colocados na parte de diante de forma totalmente visible, sen dobreces, e así se deberá levar durante toda a proba. O chip tamén é persoal e intransferible. A inobservancia deste artigo será motivo de descualificación.

A organización non admitirá persoas corredoras que non estean inscritas ou corran sen dorsal e chip, ou co dorsal e chip correspondentes a outra carreira. Impedirase que teñan acceso á carreira en defensa dos dereitos das persoas regulamentariamente inscritas.

Art. 11. SISTEMA DE CRONOMETRAXE

A cronometraxe realizarase mediante o sistema de chips. Haberá varios puntos de control ao longo do percorrido. Aquelas persoas participantes que non cumpran co paso por todos os puntos de control que se establezan, poderán ser descualificadas se así o decide o xuíz árbitro da proba, coa consecuente non aparición nos resultados finais oficiais.

Art. 12. COLOCACIÓN PREVIA E CAIXÓNS DE SAÍDA

As persoas participantes deberán colocarse na zona acoutada que lles corresponda na saída, segundo o dorsal que teñan asignado. Deberán estar nos seus postos non máis tarde de 10 minutos antes do disparo oficial de saída. Estableceranse polo menos cinco caixóns de saída.

Art. 13. UTILIZACIÓN DE MEDIOS FÍSICOS NATURAIS

As persoas participantes terán que competir cos seus propios medios físicos naturais, sen axudas materiais de ningún tipo, fóra das persoas corredoras en cadeira de rodas debidamente inscritas e que cumpran as normas do IPC Athletics. Calquera dúbida a respecto diso deberá consultarse coa organización antes de facer a inscrición.

Non está permitido o acompañamento en carreira por parte de ningún vehículo alleo á organización, nin bicicletas, patíns ou persoas non inscritas na carreira que poidan acompañar, avituallar ou marcarlles ritmos ás persoas participantes. Así mesmo, non se permite a participación con coches ou cadeiras de nenos, animais, nin correr en compañía destes en ningún momento.

Art. 14. AVITUALLAMIENTOS

Seguindo as normas da IAAF, instalaranse postos de auga a partir do quilómetro 5 e aproximadamente cada 5 quilómetros.

Toda persoa participante que desexe utilizar un avituallamento propio deberá entregalo á organización ata unha hora antes da saída, debidamente pechado e marcado co seu número de dorsal e punto quilométrico no que quere atopalo.

No caso de que a persoa participante queira que o seu avituallamento persoal se lle entregue en man, é a súa responsabilidade designar e situar unha persoa especificamente para esta función. Esta persoa deberá estar acreditada pola organización.

Calquera avituallamento fóra da zona marcada para iso poderá supor a descualificación da carreira de quen o infrinxa.

Así mesmo, poranse á disposición das persoas corredoras colectores suficientes para recoller os residuos, que son de uso obrigatorio, polo que non utilizalos poderá supor a súa descualificación.

Art. 15. SERVIZOS MÉDICOS

A proba disporá dos servizos médicos recomendados pola RFEA.

Recomendámoslles a todas as persoas participantes que cubran a parte posterior do dorsal os datos de nome, apelidos, teléfono en caso de emerxencia, se ten algún problema médico (alerxia, atencións especiais etc.) ou se está baixo algún tratamento específico, así como o seu grupo sanguíneo.

Art. 16. CONTROL ANTIDOPAXE

É obrigado o control antidopaxe no caso de plusmarcas nacionais ou internacionais. A designación será realizada pola persoa responsable de control antidopaxe que designe a RFEA, que terá a potestade de decidir se se realiza.

Art. 17. OUTROS SERVIZOS

A organización porá á disposición das persoas participantes avituallamento de meta, gardarroupa e duchas.

Tamén haberá á disposición dos corredores baños portátiles na zona de saída e de meta e outros puntos do circuíto.

Art. 18. CLASIFICACIÓN

Realizaranse as seguintes clasificacións:

- Clasificación xeral absoluta
- Clasificación por categorías masculina e feminina
- Clasificación absoluta galega masculina e feminina
- Clasificación absoluta coruñesa masculina e feminina

Art. 19. PREMIOS

CATEGORÍA	HOMES	POSTO	TROFEO	PREMIO	Condición[(a)]
Absoluta	Si	1º	Si	1200 €	Realizar 1h04:46 ou menos
Absoluta	Si	2º	Si	800 €	Realizar 1h04:46 ou menos
Absoluta	Si	3º	Si	600 €	Realizar 1h04:46 ou menos
Absoluta	Si	4º		400 €	Realizar 1h04:46 ou menos
Absoluta	Si	5º		200 €	Realizar 1h04:46 ou menos
Absoluta	Si	6º		100 €	Realizar 1h04:46 ou menos
CATEGORÍA	**MULLERES**	**POSTO**	**TROFEO**	**PREMIO**	**Condición(a)**
Absoluta	Si	1º	Si	1200 €	Realizar 1h15:06 ou menos
Absoluta	Si	2º	Si	800 €	Realizar 1h15:06 ou menos
Absoluta	Si	3º	Si	600 €	Realizar 1h15:06 ou menos
Absoluta	Si	4º		400 €	Realizar 1h15:06 ou menos
Absoluta	Si	5º		200 €	Realizar 1h15:06 ou menos
Absoluta	Si	6º		100 €	Realizar 1h15:06 ou menos

[(a)] ***En caso contrario aplicarase unha rebaixa do 50%.***

ATLETAS GALEGOS[1]

CATEGORÍA	HOMES E MULLERES	POSTO	TROFEO	PREMIO
Absoluta	Si	1º	Si	300 €
Absoluta	Si	2º	Si	200 €
Absoluta	Si	3º	Si	100 €

ATLETAS CORUÑESES[2]

CATEGORÍA	HOMES E MULLERES	POSTO	TROFEO	PREMIO
Absoluta	Si	1º	Si	100 €

[1]Serán considerados atletas galegos/as aqueles/as que presenten un certificado de empadroamento nalgún dos concellos de Galicia.

[2]Empadroados/as no Concello da Coruña. Para recolleren os premios aos mellores coruñeses, estes deberán remitir o certificado de empadroamento ao seguinte enderezo de correo electrónico: secretariogeneralfga@gmail.com

PREMIO ESPECIAL RÉCORD DA PROBA (premio acumulable): O/a atleta que gañe a carreira e que bata o rexistro da proba tanto na categoría masculina **(1h02:57) como na feminina (1h11:16)** obterá un premio de 500 euros.

Os premios en metálico non serán acumulativos, con excepción do rexistro da proba. En caso de duplicidade, pagarase a contía máis alta. Para poder recoller os premios, deberá xustificarse documentalmente o ano de nacemento dos atletas, por medio do DNI as persoas españolas ou documento legal en vigor (pasaporte) as persoas estranxeiras.

Co obxecto de poder revisar as condicións estipuladas e atender a calquera posible reclamación, a organización reservarase a posibilidade de facer entrega dos premios en metálico a partir do luns seguinte á data da competición.

Os premios en metálico estarán suxeitos ás retencións legais vixentes.

Así mesmo, entregaranse trofeos aos/ás tres primeiros/as de cada unha das categorías indicadas no artigo 8º.

Art. 20. ENTREGA DE PREMIOS

Realizarase ás 12:30 horas no palco situado na zona de saída / meta. Os/as atletas premiados/as deberán situarse na zona próxima á entrega de premios no momento no que pola megafonía se faga o anuncio do seu comezo, así como estar pendentes da chamada a cada unha das categorías.

Con carácter xeral, os/as atletas que non se presenten á recollida do seu premio no momento da entrega perderán o dereito para o recolleren. Exclusivamente, poderán subir ao podio os/as atletas premiados/as. Non se entregará o premio a ninguén que non sexa o/a propio/a atleta.

Agradecémoslles ás persoas responsables dos clubs que teñan constancia de que o/a atleta non estea presente o comuniquen na zona de premios canto antes, para evitar esperas innecesarias.

Para aquelas persoas que poidan alegar unha causa xustificada pola súa ausencia no momento da entrega, deberán contactar co Servizo Municipal de Deportes durante un prazo máximo de 15 días, onde se custodiarán os trofeos non recollidos.

Art. 21. RECLAMACIÓNS

Todas as reclamacións deberán ser feitas verbalmente ao xuíz árbitro, situado na zona de meta, non máis tarde de 30 minutos despois de se publicaren os resultados oficiais.

Art. 22. DESCUALIFICACIÓNS

Os membros da organización resérvanse a facultade de retirar da proba o/a atleta que manifeste un mal estado físico, que non lle facilite á organización a documentación que se lle requira ou os/as corredores/as que non respecten as indicacións da Policía Local, da Protección Civil, do xurado, dos servizos médicos ou dos membros da organización debidamente identificados.

Os xuíces da proba terán a facultade de descualificar o/a infractor/a que non leve visible o seu dorsal, que o manipule e/ou o ceda a outro, quen altere os datos facilitados á Organización con respecto aos que figuraren no seu DNI ou na ficha federativa, quen non completar o percorrido completo, ou quen incumprir calquera outra norma contemplada nas normas da FGA, da RFEA ou da IAAF.

As persoas descualificadas non terán opción aos premios e trofeos.

Art. 23. RESPONSABILIDADE

A persoa participante declara, baixo a súa responsabilidade, realizarse o oportuno recoñecemento médico que lle permite estar en condicións óptimas para realizar a proba, e que exime á organización da devandita responsabilidade.

A organización dispón dun seguro de accidentes e responsabilidade civil que cubrirá as incidencias inherentes á proba.

Art. 24. LOPD

Todos os/as corredores/as ao realizaren a inscrición aceptan a publicación do seu nome e imaxe nas clasificacións, nos medios de comunicación e/ou na internet. Mediante a inscrición, a persoa participante consente expresamente que os seus datos sexan utilizados polo Concello da Coruña e a Federación Galega de Atletismo para comunicacións sobre as súas actividades. En todo caso, de conformidade co que establece o artigo 5 da LOPD, infórmase de que os datos de carácter persoal declarados pasarán a formar parte do seguinte:

a) De conformidade co que establece o artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, os datos de carácter persoal que se declaren pasarán a formar parte do ficheiro denominado INSTALACIÓNS DEPORTIVAS, do que o responsable do tratamento será o Concello da Coruña, dos que as finalidades e usos previstos serán os seguintes: xestión centralizada das instalacións deportivas municipais, das actividades impartidas nelas e do uso de instalacións. Todos os participantes ao realizaren a inscrición aceptan a publicación do seu nome e imaxe nas clasificacións, nos medios de comunicación e/ou na internet. Autorízase a tomar imaxes sempre que se utilicen para promocionar e difundir as devanditas actividades, así como utilizar o móbil e o correo electrónico como forma de aviso e de comunicación por parte do Servizo Municipal de Deportes. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición aos datos persoais rexistrados neste ficheiro poderanse exercer ante o Rexistro Xeral do Concello da

Coruña (Pza. María Pita, 1) nos termos establecidos nos artigos 15, 16 e 17 da devandita lei orgánica.

b) Un ficheiro cuxo responsable de tratamento será a Federación Galega de Atletismo, e cuxa finalidade será a xestión de actividades deportivas realizadas baixo a responsabilidade da Federación Galega de Atletismo. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición aos datos persoais rexistrados neste ficheiro poderanse exercer ante a Federación Galega de Atletismo (Praza Agustín Díaz, 1. Complexo Deportivo de Elviña), nos termos que establecen os artigos 15, 16 e 17 da LOPD.

c) Esta proba pertence ao calendario oficial da Real Federación Española de Atletismo e mediante a súa inscrición, a persoa corredora consente expresamente que os seus datos básicos (nome, apelidos, NIF/NIE/Pasaporte, data de nacemento, sexo e código postal de residencia), sexan enviados á Real Federación Española de Atletismo para a xestión das licenzas de día, resultados e ránking. A posesión da licenza garante que a persoa corredora participa cuberto por un seguro de responsabilidade civil e de accidentes.

Art. 25. Compromiso

A inscrición na carreira implica a plena aceptación do presente regulamento.

Art. 26. Cambios no regulamento

A organización resérvase o dereito de realizar algún cambio no presente regulamento se así o considerase, o que deberá comunicar na web e na información ás persoas participantes.

CONSIDERACIÓN FINAL

Todo o que non reflicte o presente regulamento rexerase, por esta orde, polas normas da FGA, RFEA e da IAAF**.**